

APROBACIÓN DO PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O 19 de maio de 2023, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia (PXMA), que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O PXMA prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que agrupan os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte das súas respectivas estruturas e os das entidades adscritas a elas.

Así mesmo, segundo o PXMA, coa aprobación dos seus propios plans declárase o compromiso das consellerías coa política de integridade e prevención de riscos establecida no PXMA.

En particular, as persoas titulares dos centros directivos e das entidades instrumentais adscritas a esta consellería formularon a súa proposta de aprobación dos seus respectivos plans específicos ou, se é o caso, a súa proposta de incorporación do seu documento *Compliance*, segundo se relaciona a continuación:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE	PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESPECÍFICO (DATA)
Secretaría xeral Técnica	12/07/2024
Dirección xeral de Defensa do Monte	09/02/2024
Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal	16/02/2024
Dirección xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias	25/06/2024
Dirección xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria	12/07/2024
Dirección xeral de Desenvolvemento Rural	28/06/2024
Fondo Galego de Garantía Agraria - FOGGA	13/02/2024
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER	22/01/2024



Axencia Galega da Calidade Alimentaria - AGACAL	16/07/2024
Fundación do Centro Tecnolóxico da Carne - CTC	10/06/2024
Servizos Agrarios Galegos, S.A. - SEAGA	01/07/2024

De acordo con todo o anterior e, en virtude das competencias que me atribúe a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2023,

APROBO

O plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería do Medio Rural, que se insire a continuación.

A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

(asinado dixitalmente á marxe deste documento)



PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	1
2	CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA	2
3	FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS.....	3
3.1	A CONSELLERÍA	3
3.2	RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS.....	3
4	ANEXOS.....	4



1 INTRODUCCIÓN

O 19 de maio de 2023 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, que substitúe ao anterior plan xeral do 10 de decembro de 2021 e que se enmarca dentro da infraestrutura ética configurada no Programa Marco de Integridade Institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 e nos principios xerais de funcionamento establecidos na normativa autonómica.

O Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude (PXMA) prevé que as persoas titulares das consellerías da Xunta de Galicia aproben os seus propios plans, que estarán integrados polos dos seus centros directivos e das entidades instrumentais do sector público autonómico adscritas a elas.

O presente documento constitúe o plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería do Medio Rural e inclúe os plans específicos dos centros directivos e entidades instrumentais que se relacionan a continuación, e que se incorporan como anexos a este plan:

CENTRO DIRECTIVO/ENTIDADE
Secretaría xeral Técnica
Dirección xeral de Defensa do Monte
Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Dirección xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias
Dirección xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria
Dirección xeral de Desenvolvemento Rural
Fondo Galego de Garantía Agraria - FOGGA
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural - AGADER
Axencia Galega da Calidade Alimentaria - AGACAL
Fundación do Centro Tecnolóxico da Carne - CTC
Servizos Agrarios Galegos, S.A. - SEAGA

Se é o caso, a incorporación sucesiva de máis centros directivos e entidades suporá a modificación, por addenda, do plan de prevención de riscos desta consellería.



2 CARACTERIZACIÓN DA CONSELLERÍA

Norma reguladora

Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo Decreto 148/2024, do 20 de maio.

Competencias

Segundo o artigo 1 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, segundo a redacción dada polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, a Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, política agrícola común e control da cadea alimentaria.

Estrutura

O artigo 2 do Decreto establece que, para o exercicio das súas funcións, esta Consellería estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- a) O/a conselleiro/a.
- b) Secretaría Xeral Técnica.
- c) Dirección Xeral de Defensa do Monte.
- d) Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.
- e) Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- f) Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria

A disposición transitoria primeira do Decreto sinala que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural regulada no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, manterá a súa adscrición, competencias, estrutura e funcións na forma indicada no citado Decreto mentres non se aproben os novos estatutos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

No artigo 2 adscribíense a esta consellería as seguintes entidades:

- a) O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.
- b) O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- c) Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Ademais destas, son entidades adscritas a esta consellería as seguintes:

- a) Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
- b) Servizos Agrarios galegos, S.A.



3 FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES NA XESTIÓN DE RISCOS

Sen prexuízo das funcións e responsabilidades previstas no PXMA respecto da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de prevención de riscos de xestión, e demais órganos transversais, concrépanse neste plan as previsións aplicables a cada centro directivo e entidade desta Consellería.

3.1 A CONSELLERÍA

O compromiso desta Consellería asúmese mediante a aprobación, por parte da persoa titular respectiva, deste plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude que agrupa todos os plans específicos dos diferentes centros directivos que forman parte da súa estrutura e os das entidades adscritas a ela.

Ademais, tal compromiso implica, entre outras, a responsabilidade de divulgar entre o persoal da consellería os riscos identificados e os mecanismos de detección previstos para que se involucre nun ecosistema de control e execución das medidas programadas.

3.2 RESPONSABLE DE INTEGRIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS

O PMXA prevé que os órganos ou as unidades responsables de integridade e prevención de riscos previstas no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 para as consellerías e as entidades velarán polo cumprimento das medidas incluídas neste plan, actuarán como interlocutores cos órganos transversais na materia e informarán directamente ao órgano superior das eventuais incidencias que poidan acontecer en relación coa súa aplicación.

Así mesmo, cada centro directivo poderá designar no seu plan específico unha persoa de apoio aos responsables de integridade e prevención de riscos da consellería, no seu ámbito concreto de actuación.

De acordo co indicado no PXMA, neste plan procédese a designar como órgano ou unidade responsable de integridade e prevención de riscos desta Consellería á persoa titular da Vicesecretaría xeral da Consellería.

Así mesmo, os órganos ou unidades responsables de integridade e prevención de riscos no ámbito de actuación das entidades instrumentais adscritas a esta Consellería, aparecen designados no seus respectivos plans específicos.

A estes órganos ou unidades responsables correspóndenlles as seguintes funcións:

- Supervisar e avaliar o funcionamento regular e a correcta aplicación das medidas de prevención, detección e corrección en relación cos riscos asumidos, ademais de detectar as vulnerabilidades e propoñer as accións de mellora.
- Asesorar a correcta aplicación dos procedementos de xestión de conflitos de intereses, en particular, aos órganos responsables de resolver os procedementos de abstención e recusación.



- Velar pola existencia de documentación soporte dos controis internos realizados, da avaliación dos riscos e do seguimento da implantación das medidas correctoras en materia antifraude, así como do procedemento realizado para a corrección e persecución dos casos nos que se detecten condutas contrarias ao sistema de integridade.
- Velar por que o persoal dispoña dos coñecementos e reciba a información necesaria para poder levar a cabo as accións que procedan en relación cos riscos de fraude, corrupción, conflitos de intereses e dobre financiamento.

As modificacións ou os novos nomeamentos posteriores á aprobación deste plan serán efectuados pola secretaría xeral técnica da consellería e os órganos de goberno ou executivo das entidades adscritas, respectivamente.

4 ANEXOS

PLAN ESPECÍFICO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE DEFENSA DO MONTE

PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL.

PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS.

PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DA PAC E DO CONTROL DA CADEA ALIMENTARIA

PLAN ESPECÍFICO DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PLAN ESPECÍFICO DO FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA.

PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL.

PLAN ESPECÍFICO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA.

PLAN ESPECÍFICO DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

PLAN ESPECÍFICO DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

